



No caso de ser admitida esta solicitude, as parcelas referidas pasarían a formar parte da Unidade de Certificación de Grupo FSC e o seu xestor considerárase membro do grupo<sup>2</sup>, polo que estaría **COMPROMETIDO** a:

- Executar a xestión das superficies forestais sinaladas segundo o establecido no corresponde instrumento de ordenación e/ou nos modelos silvícolas que se acordaron co persoal técnico do grupo e cumprindo as instrucións e condicións técnicas dos traballos e o manual de boas prácticas e esixirillo a un terceiro no caso do que o traballo lle sexa contratado;
- Cumprir coas obrigas que impoña o Sistema de Certificación Forestal FSC e, en particular, permitir o acceso aos bosques e á documentación a efectos de avaliación e seguimento;
- Cumprir a corto, medio e longo prazo cos principios da xestión forestal sostible (Principios e Criterios FSC) mantendo as parcelas referidas na Unidade de Certificación de Grupo FSC de Selga Xestión Forestal Sostible por un período mínimo de cinco anos.
- Xestionar, sen incumprir a lexislación vixente ou abertamente en contra dos Principios e Criterios do FSC, todas aquelas superficies forestais coas que o solicitante teña vinculación e non se atopen incluídas no Grupo SELGA XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE. Ademais, no caso de que algunha superficie se atope nesta circunstancia, esta solicitude debe ser acompañada polo formulario de COMUNICACIÓN DE OUTRAS PROPIEDAD BAIXO XESTIÓN debidamente cuberto.
- Unha vez que unha determinada superficie sexa excluída da *Unidade de Certificación de Grupo FSC "SELGA XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE"*, non poderá facer uso do documento de "Confirmación de Participación nun Certificado de Grupo de Xestión Forestal" nin de ningún outro documento que acredite que esa superficie está incluída na devandita unidade.

No caso de ser admitida esta solicitude, o solicitante pasaría a ter a condición de membro do grupo, polo que tería os seguintes **DEREITOS**:

- Ter acceso a un copia do Estándar FSC;
- Obter documentación cos dereitos e obrigas dos adscritos;
- Recibir información sobre os requerimentos do estándar FSC e da Entidade de Certificación<sup>3</sup> en relación á posta a disposición pública de determinada información;
- Recibir información sobre os dereitos e obrigas da Entidade de Grupo e a Entidade de Certificación en relación ao proceso de certificación forestal;
- Obter un documento acreditativo da inclusión na *Unidade de Certificación de Grupo FSC* das superficies que teña incluídas;
- Empregar os logotipos e marcas rexistradas do Sistema de Certificación Forestal FSC, sempre e cando se solicite e se cumpran os requisitos esixidos;
- Obter unha acreditación da Entidade de Grupo que garante que os produtos resultantes deses aproveitamentos proceden das superficies obxecto de certificación sempre e cando, durante a realización dos mesmos, se cumpra coa lexislación vixente e coa normativa do grupo;
- Poder presentar ante o estamento que en cada momento teña FSC-España para ese fin, as reclamacións relacionadas co proceso de certificación ou o funcionamento do sistema

Na páxina web [www.selga.es](http://www.selga.es) porase a disposición pública un listado actualizado de todas as superficies adscritas a SELGA XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE, grupo de certificación FSC. Nesa mesma páxina estarán dispoñibles os **informes públicos de auditoría** así como toda a **información e documentación relevante para os membros**.

---

<sup>1</sup> **Entidade de Grupo:** Entidade legal titular do certificado de xestión forestal sostible. A súa función é xestionar o funcionamento do grupo de certificación. A Entidade de Grupo é responsable, ante a Entidade de Certificación, de asegurar que os requisitos cumprense en tódalas superficies forestais que participan no Grupo.

<sup>2</sup> **Membro do Grupo:** Propietario ou xestor que, voluntariamente, inclúe superficies baixo a súa xestión nun certificado de grupo. Os membros do grupo son responsables de adecuar a xestión das parcelas adscritas ao grupo para cumprir os requisitos de pertenza ao Grupo. Os membros do grupo non teñen certificados individuais pero, sempre e cando cumpran con todos os requisitos de pertenza ao Grupo, as súas propiedades están cubertas polo certificado de xestión forestal emitido pola Entidade de Grupo.

<sup>3</sup> **Entidade de Certificación:** Entidade acreditada para realizar avaliacións de xestión forestal sostible (empresa auditora).